


Actividade na que o usuario ha de seleccionar certas imaxes ou sons dun conxunto que se presenta:




Na pestana "Actividade" atopamos:



**ZONA 1**

Facemos dobre clic na táboa e aparece unha ventá emerxente para introducir as imaxes ou os sons que aparecerán en pantalla para seleccionar:




Na actividade aparecerán unha serie de recadros dos cales o usuario terá que seleccionar un ou máis e finalmente pulsar no botón de verificación. Podemos acumular ata un máximo de 12 imaxes ou sons que poderán ir ou non acompañadas de texto.


Aquí introduciremos os elementos que aparecerán nos recadros: textos (1), imaxes (2), sons (3) ou mesmo as tres cousas xuntas ou calquera a súa combinación. Apuntar que se se introducen sons, estes se reproducirán cada vez que o usuario faga clic sobre o recadro. No caso de que só nos interese a selección de sons, sería conveniente introducir a imaxe dun altofalante ou un texto alusivo asociado a cada un deles para que as caixas non aparezan baleiras. En caso de introducir imaxes con textos, existe a opción de aplicar certa transparencia aos textos para que non tapen por completo a parte de imaxe baixo estes, como veremos máis adiante.

**ZONA 2**

Facendo dobre clic nesta táboa aparecerá unha nova ventá emerxente onde escribiremos a pregunta e indicaremos as imaxes ou os sons que se presentarán en pantalla:



No campo (1) escribiremos a pregunta ou a pista que informará o usuario de cáles son as imaxes ou os sons que ha de seleccionar. Esta pregunta poderá ir acompañada dunha imaxe (2) para ilustrala ou tamén de sons (3) para escoitala, dar información adicional ou simplemente crear ambiente.

O pequeno altofalante:  situarase na parte superior esquerda da área de traballo, e en caso de que a pregunta vaia acompañada dunha imaxe farao á súa dereita.

Un pouco máis abaixo editaremos os elementos que van aparecer nos recadros que o usuario terá que seleccionar. Nos campos (1) escribiremos os textos que aparecerán nos recadros. Nas casas (5) marcaremos o que queiramos que apareza nos recadros, polo xeral todo o que previamente inseriramos,

aínda que aquí podemos elixir se queremos prescindir dalgún elemento nalgún dos recadros. Se queremos marcar todas as casas de golpe usaremos o botón (6). Co botón (7) indicaremos cáles serán os recadros que o usuario terá que seleccionar: pulsando repetidas veces iranse alternando a cruz vermella (non seleccionado) e a marca verde (seleccionado); os recadros que o usuario deberá seleccionar son os que queden coa marca verde. Finalmente temos o útil botón (8) que serve para unha vez marcadas as casas (5) no primeiro ítem marcar de golpe as mesmas casas no resto dos ítemes.

Unha vez teñamos todas as preguntas na táboa sempre poderemos cambiar a orde de aparición destas seleccionando unha delas (a fila correspondente da táboa) e usando as pequenas frechas verdes da parte dereita da táboa ou mesmo eliminala co botón vermello:

Nº	Pregunta	Mostrar:	Correctas	mp3	ogg	Archivo imagen
1		1-2-3-4-5-6-7	2-3-4-7-			
2		1-2-3-4-5-6-7	2-3-4-7-			
3						
4						
5						


### ZONA 3

Aquí podemos regular o ancho (1) e o alto (2) da área de traballo da actividade; xogando con estas medidas e coas do tamaño das imaxes (ver "zona 4") faremos que os recadros encaixen ben dentro da área de traballo. Os botóns (3) son para redondear as esquinas de todos os cadros da actividade. Marcando a casa (4) faremos compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil. Marcando a casa (5) faremos que o recadro da área de traballo da actividade e os de intentos e acertos e verificación presenten sombra nos lados dereito e inferior.



**ZONA 4**

Nos campos (1) indicaremos o ancho e o alto das imaxes que aparecerán nos recadros a seleccionar polo usuario (en caso de que existan). Se introducimos texto nestes, aquí tamén poderemos escoller o tipo (4) e o tamaño (5) da fonte que aparecerá. No campo (6)



graduaremos a transparencia do texto dos recadros; un valor de "0" neste campo faría o texto totalmente transparente e desaparecería do recadro, un valor de "10" faría o texto (e o rectángulo que o contén) totalmente opaco e en caso de que o recadro tivese tamén un gráfico, taparía a súa parte inferior. Na lista despregable (2) escolleremos o tipo de liña dos recadros cando estes estean seleccionados e na lista (3) o tipo de liña que terán mentres non se seleccionen:

"dashed" > discontinua	
"dotted" > de puntos	
"double" > dobre grosa	
"groove" > fina	

"none" > sen liña	
"ridge" > reberetado fino	
"solid" > sólida	

**ZONA 5**

No recadro "Pregunta" estableceremos as características dos elementos da parte superior da área de traballo, onde aparece a pregunta e os seus elementos asociados.

Poderemos escoller o tipo (1) e o tamaño (2) da fonte do texto da pregunta. Nos campos (3) indicaremos o ancho e o alto da imaxe en caso de inserir algunha. Se inserimos tamén un son asociado á pregunta, aquí poderemos escoller unha imaxe (4) que teñamos no noso disco para substituír á do altofalante que trae Ardora por defecto e tamén axustar o seu ancho e o seu alto nos campos (5).

